

Carta de Compromiso co club da auga de galicia

Os Socios do Club da Auga de Galicia, sensibles á importancia da conservación, valorización e uso responsable de todos os recursos cos que conta Galicia para o seu desenvolvemento,

Declaran

1. Que a auga é un elemento esencial configurador da paisaxe de Galicia. Nas múltiples formas en que aparece na natureza -mar que baña as rías e as costas; ríos e masas de auga doce que salpican a paisaxe; neve e resío que pintan de branco os horizontes; orballo, chuvasco, arroiada, sarabia e as innumerables formas de caer do ceo; brêtema e nubes que configuran a cambiante luz- a auga define cada recanto da xeografía.
2. Que a auga está tamén nas entrañas que deron orixe á cultura dos galegos. Na milenaria loita por dominala e explotala -en pequenos sucos e grandes canles de rego; en muiños e encoros hidroeléctricos; nos mananciais que calman a sede e coidan da saúde; na pesca e na navegación por mar; nos ritos máxicos- a auga da forma a unha cultura.
3. Que, por todo isto, a auga, compoñente primario da paisaxe e da cultura de Galicia, debe ter consideración de ben estratéxico e todos aqueles recursos naturais e culturais ligados a ela deben ser conservados e valorizados como capital da economía e da identidade galegas.
4. Que o turismo, pola súa capacidade de crear formatos efectivos e social, ambiental e economicamente sostibles de accesibilidade da sociedade local e foránea aos recursos naturais e culturais, é a ferramenta idónea para acadar os obxectivos de conservación e valorización do patrimonio ligado á auga.

Por iso, asumen un papel activo na defensa destes principios neste Compromiso co Club da Auga de Galicia e afirman:

1. A súa vontade de integración como socio Promotor e de participación no Club da Auga de Galicia como foro que traballa na valorización social e económica da auga de Galicia a partir do seu aproveitamento turístico.
2. O seu apoio aos obxectivos do Club da Auga de Galicia, que son:
 - a mobilización de medios sociais e económicos para a posta en valor e uso social dos recursos ligados á auga,
 - a xeración de produtos turísticos a partir da auga e do patrimonio natural e cultural asociado,
 - a integración de entidades e iniciativas do sector turístico que explotan a auga de xeito sostible,
 - a creación e posicionamento na sociedade galega e no mercado turístico dunha marca para os produtos ligados á auga de Galicia.

Asinada esta Carta de Compromiso co Club da Auga de Galicia,
Don/a [.....] en representación de [.....], en [...], a [...].

ANEXO. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS.

Don/a [.....] en representación de [.....], realiza, mediante a presente, un Compromiso de Adscripción de Medios á favor do cumprimento dos fins do Club da Auga de Galicia que consiste en:

- a) Realizar unha acción de accesibilidade social a un recurso turístico consistente en [...].
- b) Asumir/Colaborar na realización das actividades propias do Club da Auga de Galicia que se indican e nas condicións que de seguido se establecen. [...]

Asinado este Compromiso de Adscripción de Medios co Club da Auga de Galicia,
Don/a [.....] en representación de [.....], en [...], a [...].